



D. Alvaro Martínez García
Rúa Pérez Lugín nº 10
15011 A Coruña



Ref: RVM/ftgv
Expediente:0114/10

Señor,

Xunto resolución de 19 de outubro de 2010 pola que se outorga a autorización de funcionamento do centro sanitario titularidade da Asociación pro persoal con discapacidade intelectual de Galicia, Aspronaga en Oleiros (A Coruña), inscrito no Rexistro de Centros Servizos e Establecementos Sanitarios desta Comunidade Autónoma co número C-15-002397, así como a acreditación de inscrición no rexistro, que deberá exhibir nun lugar ben visible para o público.

Atentamente,



Raquel Vázquez Mourelle
Subdirectora xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2010



INFORMACIÓN SOBRE A AUTORIZACIÓN SANITARIA

Mantemento dos requisitos e condicións técnicas.

- O titular é responsable de que se manteñan no centro todos os requisitos e condicións técnicas esixidas para a autorización, incluíndo a titulación dos profesionais sanitarios que desenvolven a súa actividade no centro.

Modificacións.

- Os cambios de titular, as modificacións da estrutura do centro ou da oferta asistencial e os traslados necesitan unha autorización sanitaria. Cando o traslado implica cambio de municipio, significará a baixa do centro no rexistro e será necesario solicitar unha autorización de centro novo.

Publicidade.

- Debe exhibir nun lugar ben visible para o público o documento de acreditación de autorización de funcionamento e inscrición no rexistro que se xunta á resolución.
- O número de rexistro deberá aparecer sempre na publicidade do centro.
- A publicidade deberá axustarse ao contido desta autorización sanitaria, tanto no referente ao tipo de centro como á oferta asistencial.

Renovación.

- O titular do centro deberá solicitar a renovación da autorización como mínimo tres meses antes da data de caducidade, en caso contrario extinguirase a autorización e se dará de baixa no rexistro.

Normativa de referencia e información sobre o procedemento de autorización

- Normativa autonómica: Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.(DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).
- Normativa estatal: Real Decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios (BOE nº 254, de 23 de outubro de 2003)
- Información sobre o procedemento:
<http://www.xunta.es/apps/gdp/showFile.do?codCons=SA&codProc=101J>



RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN SANITARIA

Expediente núm: 114/10

Interesado/a: Alvaro Martinez García

Procedemento: Autorización de centros

Asunto: Autorización de funcionamento

Data de iniciación: 23/04/2010

Forma de inicio: Solicitud do interesado

ANTECEDENTES

1. Alvaro Martinez García con NIF:32783258-R en calidade de representante legal, solicita a autorización sanitaria de funcionamento dun centro sanitario C.3.8-Centro de Atención ó Discapacitado, denominado Servicio Médico "Centro Ricardo Baro", emprazado na rúa Isaac Díaz Pardo nº-15. C.P:15179. Oleiros. A Coruña.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O centro cumpre os requisitos establecidos no Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, o que foi comprobado mediante unha visita de inspección ao centro o 30/09/2010, realizando unha proposta de resolución favorable o 01/10/2010.
2. A Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión presentada, de conformidade co establecido no Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Sanidade



De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Outorgar a autorización sanitaria de funcionamento ao centro que consta a continuación.

Denominación: Servicio Médico "Centro Ricardo Baro".

Enderezo: Rúa Isaac Díaz Pardo nº-15. C.P:15179. Oleiros. A Coruña.

Titular: ASPRONAGA. CIF: G-15028855

Tipoloxía: C.3.8-Centro de Atención o Discapacitado.

Oferta asistencial: U.01.1-Medicina xeral. U.02.1-Enfermería xeral. U.59-Fisioterapia.

2. Esta autorización sanitaria ten vixencia ata o 19/10/2018. De non solicitarse a correspondente renovación, producirase a súa extinción, de acordo co establecido nos artigos 10, 15 e 17 do Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro.
3. Realizar a correspondente inscrición de oficio no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, un recurso de alzada ante a conselleira de Sanidade.

Mediante este documento notifícaselle a Alvaro Martinez García con enderezo a efectos de notificación na rúa Pérez Lugin nº-10. C.P:15011. A Coruña esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010

A secretaria xeral



Sagrario Pérez Castellanos



ACREDITACIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE CENTROS, SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS SANITARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Segundo dispón o Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, da Consellería de Sanidade, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, e de conformidade co establecido no seu título V sobre Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios, se acredita que o centro cuxos datos rexistrados se indican a continuación, figura inscrito no rexistro co número C-15-002397.

Centro: SERVICIO MEDICO DEL CENTRO RICARDO BARO

Titular do centro: ASOCIACION PRO PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE GALICIA - ASPRONAGA

Tipo de centro(C): C.3.8 - CENTROS DE ATENCION A DISCAPACITADOS

AVENIDA ISAAC DIAZ PARDO 15

15179 OLEIROS

A CORUÑA

Autorizado o seu funcionamento por Resolución do 19/10/2010

Oferta asistencial (U):

U.01.1 - MEDICINA XERAL/DE FAMILIA; U.02.1 - ENFERMERIA XERAL; U.59 - FISIOTERAPIA

Santiago de Compostela, 21 de outubro do 2010

Selo

